



CIRCULAR 07-2023.

XVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB16 E L CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB18 HOMES E XLII SUB 18 FEMININO DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza co Patrocinio do Concello de Ribadavia o XVI Campionato Xunta de Galicia Sub16 e o L Campionato Xunta de Galicia Sub18 Masculino e XLII Sub 18 Feminino individual o 28 de xaneiro do 2023 no circuíto da área recreativa A Veronza en Ribadavia.

Art.2).- O Campionato disputarase na categoría **Sub16** (anos 2008-2009) e **Sub18** (anos 2006-2007) homes e mulleres.

Art.3).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. <https://sdp.rfea.es/> como data límite o luns 23 de Xaneiro ás 20:00 horas.

Art.5).- Horarios e distancias aproximadas (provisional) de cada unha das carreiras.

CTO. XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVES Sub16 e Sub18 - PROVISIONAL			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
12:10	Sub16	Mulleres	4000 m. aprox.
12:35	Sub16	Homes	4000 m aprox
13:00	Sub18	Mulleres	5000 m. aprox.
13:30	Sub18	Homes	5000 m. aprox

Art.6).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. A apertura será 25 minutos antes e pechará 15 minutos antes da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos/as atletas inscritos/as). Os/as atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición

Art.8).- Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas clasificados a nivel individual. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 7 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo